

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA 15 DE XANEIRO DE 2026.-

ASISTENTES:

ALCALDE: D. Francisco Quintela Requeijo

CONCELLEIROS/A: D. Juan Carlos García Barreiro, D^a. María Yolanda Valiño Pena, D. Francisco Manuel Crespo Gómez, D^a. Mónica Álvarez Martínez, D. Jorge Boado Presas, D^a Pura Ferreño Saia, D. Pablo Bugía López e D. José Manuel Vara García.

SECRETARIO: D. David Veiga Sierra.

Na Casa do Concello de Coirós, ás vinte horas e corenta e catro minutos do día quince de xaneiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación Municipal, presidida polo Sr. Alcalde e coa asistencia das persoas que máis arriba se relacionan.

Comprobada a existencia de quorum dase inicio á sesión plenaria coa seguinte Orde do día

1.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.-

Polo Sr. Alcalde dase conta do borrador da acta da Sesión extraordinaria urxente celebrada o 25 de xuño de 2025, e pregunta se algún membro da Corporación quere facer algunha observación, non realizándose ningunha.

Sometida a acta a votación resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- APROBACIÓN PADRÓN 1º SEMESTRE DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

Proponse para a súa aprobación o padrón correspondente ao 1º semestre da taxa de recollida de lixo.

Proponse igualmente a súa publicación para xeral coñecemento con indicación dos períodos de cobro.

Sometido a votación, resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes.

3.- DACIÓN DE CONTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS CORRIXIDOS DENTRO DO POS ADICIONAL 2/2025

Polo Sr. Alcalde dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na última sesión celebrada no ano 2025 de aprobación das modificacións realizadas nos proxectos “Alumeado público en Espenuca alta e outros” e “Saneamento en Coirós de arriba e Recebés”.

As modificacións consisten nunha corrección no apartado de tratamento dos residuos de obra, que contaban con un requirimento de Deputación para a súa modificación e adaptación ás

esixencias de Deputación, sen modificar nin o importe nin as condicións das obras.

4.- INFORMES DE ALCALDÍA.

Dase conta das actividades realizadas polos distintos servizos dende a última sesión ordinaria, así como das actividades proxectadas para os próximos meses.

Non se formula ningún comentario ao respecto.

Polo Sr. Alcalde propónse a inclusión na Orde do día, con carácter de urxencia do seguinte punto

5.- APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2026

Acordase a súa inclusión na Orde do día por unanimidade dos membros presentes.

Por parte do Sr. Alcalde dase conta do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2026, integrado por facturas recibidas por gastos efectuados no exercicio 2025 para os que non existía crédito orzamentario axeitado e suficiente no momento de contraelos.

Dase conta tamén do informe da intervención municipal, no que se formula reparo aos gastos efectuados.

A concelleira Sra. Ferreiro toma a palabra para indicar que, á vista das facturas, e por responsabilidade, o seu grupo se vai abster neste punto.

Propónse, para a súa votación, o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal.

SEGUNDO. Recoñecer a obrigação aprobando as facturas incluídas na relación obrante no expediente.

TERCEIRO. Dar conta á Intervención para que leve a cabo as anotacións contables oportunas.

Sometido a votación, queda aprobado por 7 votos a favor (PP e PSOE) e 2 abstencións (BNG).

6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ATENCIÓN A ANIMAIS EXTRAVIADOS E ABANDONADOS.

A Concelleira, Sra. Ferreiro, procede a expor a moción, do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en

Galiza, regula no seu artigo 22 a recollida e acollida de animais vagabundos e extraviados e sinala que os Concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaraos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos até que sexan retirados polos seus propietarios ou propietarias, sexan acollidos temporalmente ou adoptados, ou se lles dea outro destino autorizado segundo os supostos establecidos na presente Lei

Tamén sinala este artigo que os concellos poderán prestar o servizo de recollida e acollida por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e defensa dos animais.

A Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais recolle no seu artigo 22 sobre recollida e atención de animais que corresponderá aos concellos a recollida de animais extraviados e abandonados e o seu aloxamento nun centro de protección animal. Para isto deberá contar cun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria destes animais, dispoñíbel as 24 horas do día.

Tamén a Lei de Bases de Réxime Local (LBRL) establece que os animais extraviados e abandonados son competencia municipal.

Esta atención non pode recaer unicamente no labor voluntario das asociacións protectoras, senón que debe contar coa dotación económica e medios suficientes por parte das administracións (concellos e Xunta de Galiza).

Nos últimos anos está aumentando a sensibilización social na cuestión do benestar animal e vai en aumento unha forte concienciación acerca do maltrato e o abandono de animais, tanto na súa esfera de protección dos animais como na protección das persoas ante animais que vagabundean e que se descoñece se poden ser perigosos, ou por motivos de saúde pública nalgúns outros casos.

En base ás leis citadas permítese a subscrición de convenios de colaboración con asociacións de protección e defensa dos animais. Mais o convenio subscrito actualmente polo concello de Coirós maniféstase insuficiente tanto a nivel económico como operativo para dar resposta ás necesidades do noso concello. É por isto que é preciso melloralo de xeito urxente ou asinar un convenio complementario con outra entidade.

Compre tamén redactar e dar a coñecer a todo o persoal municipal e expoñer publicamente un protocolo de actuación para que todas as traballadoras e traballadores relacionados có asunto saiban como actuar no momento en que unha persoa avisa dun animal perdido ou abandonado. O protocolo terá en conta todas as particularidades posibles: falta de prazas na protectora, animais potencialmente perigosos ou intervencións fora do horario ordinario.

A maiores é imprescindible que desde a Xunta de Galiza, impulsora da citada Lei 4/2017, se articulen as medidas económicas necesarias para que concellos coma Coirós poidan dotarse de persoal e medios para poder cumprir coas súas competencias nesta área.

*Por todo o exposto o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:*

1. A revisión do convenio de colaboración coa entidade de protección e benestar animal e asinar un convenio complementario con outra entidade, a fin de dar cumprimento ao establecido na Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galiza.

2. Redactar e publicar un protocolo de actuación que contemple todas as posibles situacións, e que sexa coñecido por todo o persoal municipal para actuar de xeito inmediato no momento no que se recibe o aviso dun animal extraviado/abandonado deambulando polo noso concello.

3. Instar á Xunta de Galiza a que dote aos concellos que o necesiten, e nomeadamente ao Concello de Coirós, de medios económicos para poder cumprir coas súas competencias nesta materia.”

O Sr. Alcalde toma a palabra e explica que o problema son as persoas. Que o Concello ten un acordo con Gatocán e outro con Montegato, que ten servizo de lacería, pero que cando o Concello os avisa e chegan, os cans xa marcharon. Afirmar que os veciños teñen que chamar ao Concello ou a emerxencias.

A Sra. Ferreño afirma que manteñen a moción.

O Sr. Alcalde responde que o que pide a Sra. Ferreño xa se fai, e que hai veces que os cans non se poden recoller.

Sometida a votación, a moción resulta rexeitada, con 3 votos a favor (BNG e PSOE) e 6 votos en contra (PP).

7.- ROGOS E PREGUNTAS.

BNG:

Concelleira Sra. Ferreño:

- Pregunta sobre as propostas do Concello para a aula de Chelo.

O Sr. Alcalde responde que se están estudando.

- Pregunta sobre o proxecto de eficiencia enerxética do Pavillón de A Cortella, que foi declarado deserto, e o que acontece a continuación.

O Sr. Alcalde responde que se desestima realizar a obra, xa que a licitación quedou deserta.

- Indica que agora mesmo o Concello so conta cun operario capaz de conducir o tractor, e que debería ter outro traballador formado para conducilo.

- Fai saber que, en canto aos colectores de lixo, faltan ancoraxes, limpeza, cartellaría informativa, frecuencia de recollida de voluminosos, etc.

O Sr. Boado responde que os de vidro e papel se van a limpar en breve.

- Lembra a pregunta realizada en data 31 de decembro en relación con Cortizo, indicando que non se sabe se se fixeron visitas de comprobación.

O Sr. Alcalde responde que cando todo estea rematado se lle informará e poderá acudir a visitar a instalación.

A Sra. Ferreño afirma que en ningún momento veñen a actuar en contra da apertura.

O Sr. Alcalde indica que non houbo máis de dúas alegacións de veciños de Coirós.

O Sr. Boado afirma que inauguraron, pero que, ata onde él sabe, non está funcionando máis que como almacén.

O Sr. Alcalde informa de que a licencia xa está outorgada.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e dez minutos, do que eu como Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO